

## **CONTRATACIÓN DE SERVICIOS AUXILIARES DE COLABORACIÓN TRIBUTARIA CO SERVICIO DE ADMINISTRACIÓN DE TRIBUTOS DE CONCELLO DE VIGO**

### **MEMORIA XUSTIFICATIVA**

A administración tributaria do concello desenvolve -tanto por esixencias legais como de racionalización e economía na consecución do obxectivo de realización dos tributos propios- unha serie longa e variada de funcións e tarefas. Unha das características da xestión tributaria dos concellos é, precisamente, a necesidade de simultanear moitos dos procedementos tributarios previstos na normativa xeral (agás o procedemento de comprobación de valores e taxación pericial contradictoria, os concellos deben desenvolver tódalas funcións, procedementos e tarefas previstos na lei 58/2003 de 17 de decembro, Xeral Tributaria, para optimiza-lo rendemento recadatorio das figuras tributarias propias).

Poñendo en relación o obrigado referente xurídico de xestionar e recadar –conforme a legalidade e procedementos tributarios dunha multiplicidade de figuras: impostos patrimoniais, impostos sobre tráfico xurídico de bens, impostos sobre actividade económica, taxas de prestación de servicios e taxas sobre moi diversos tipos de aproveitamentos da vía pública-, co imperativo da eficiencia (maximizar resultados minimizando custes), os concellos veñen utilizando diferentes fórmulas para a xestión e recadación dos tributos.

A fórmula que se ten revelado nos últimos anos máis eficiente en concellos de tamaño mediano é a de contar con unha estrutura de medios humanos e técnicos capaz de responder de forma directa e óptima ó conxunto de obrigas e deberes da Administración Tributaria, que son inherentes a relación xurídico-tributaria. A devandita estrutura, que debe ser moi cualificada, con equipos que funcionen transversalmente e respondan as demandas coas actuacións e medios que resulten máis axeitados a cada problema, contan habitualmente co complemento de colaboracións externas á administración municipal, sexa a través de Convenios de Colaboración con outras administracións públicas ou con asistencia técnica e servicios de colaboración de empresas privadas especializadas.

Nesta liña ven camiñando a administración tributaria do concello de Vigo nos últimos dez anos. Ten subscrito convenios de colaboración coa Dirección Xeral do Catastro, Dirección Xeral de Tráfico, Axencia Estatal de Administración Tributaria, Tesourería Xeral da Seguridade Social, Colexio Notarial,.....Conta con servicios diferenciados de xestión tributaria, xestión catastral, inspección, recadación voluntaria, recadación executiva. En cada

un dos servicios anteditos desenvólvense unha serie de tarefas instrumentais ou mediais de carácter moi reiterado e masivo que aconsellan -dende o punto de vista da racionalidade económica e calidade- o concurso de colaboración externa especializada.

Compre instalar a colaboración privada no ámbito material adecuado, sen suplantar funcións que, ineludiblemente, deben ser desempeñadas no ámbito público e por funcionarios públicos. As limitacións á colaboración privada son reguladas no artigo 43.1 do regulamento de servicios das corporacións locais: “serán atendidos necesariamente por xestión directa as funcións que impliquen exercicio de autoridade” igualmente, o artigo 92.2 da lei de bases de réxime local reserva a funcionarios as funcións que impliquen exercicio de autoridade: “Son funcións públicas nas que o seu cumprimento queda reservado exclusivamente a persoal suxeito ó estatuto funcional, as que impliquen exercicio de autoridade....”

No referido contexto, a administración tributaria do concello de Vigo debe afrontar unha serie de funcións e tarefas, que polas súas características de especificidade material, carácter masivo, conexión con realidades e servizos que exceden o ámbito tributario e non permanencia no tempo, son o campo adecuado para a colaboración externa especializada: Actuacións de toma de datos en vía pública, toma de contacto con responsables tributarios, notificación tributaria de especial dificultade, gravación de datos, depuración manual de bases de datos....

Non contando a administración tributaria do concello máis que cos medios técnicos e humanos mínimos para desenvolver o calendario fiscal e resolver as incidencias derivadas do mesmo, esta dirección de ingresos estima necesario e oportuno propoñer a contratación de servicios auxiliares de carácter tributario –a cargo de empresas especializadas en materias tributarias– para desenvolver as seguintes actuacións:

- Depuración da base de datos resultante da integración da base de datos catastral coa base de datos do actual padrón fiscal de Exaccións Unificadas de industriais en orde a consecución dunha base de datos de establecementos de actividades económicas referenciada territorialmente. Integraranse nesta base de datos todos os locais de uso distinto a vivenda así como aproveitamentos de vía pública asociados a aqueles: vados, reservas de aparcamento privativas, outros aproveitamentos.

- Toma de datos en vía pública relativos a vados, reservas especiais de aparcamento de uso privativo e outros aproveitamentos de espazos públicos.

- Outras operacións de tratamento informático de datos precisadas de operacións previas de visita ó lugar do feito imponible, entrevista persoal ou telefónica co suxeito pasivo, emisión de requirimentos escritos, lectura e análise de documentos, obtención de información en rexistros especializados (Mercantil, Propiedade...) e outras de carácter similar.

- Práctica de notificacións tributarias de especial dificultade sexa polo inconcreto ou incompleto do lugar de realización das mesmas, sexa polas dificultades de contactar co suxeito interesado, sexa por erro na determinación de algún dos anteriores e outras dificultades.

Dende o punto de vista presupostario, a previa retención de crédito para facer fronte ó contrato iría segundo o presuposto prorrogado do ano 2006, materializándose o gasto con cargo á partida 611.02270600: asistencias técnicas xestión de ingresos por importe de 80.000 euros a cargo do presente exercicio así como 40.000 euros a cargo do exercicio 2007.

Solicítase a tramitación polo procedemento de urxencia debido a que algunhas funcións como as de notificación teñen un prazo legal, actualmente non cumprido nos casos de especial dificultade, e outras, como a redefinición do Padrón de EUI que levará aproximadamente un ano de traballo, debendo estar completada e probada para a emisión do Padrón do ano 2007 no mes de marzo.

En consecuencia, formulase a seguinte

#### **PROPOSTA:**

1º-Contratar servizos auxiliares de carácter tributario: Depuración de bases de datos de EUI, toma de datos en vía pública relativos a vados e outros aproveitamentos, gravación de datos, práctica de notificacións de especial dificultade e outras, de similares características.

2º-Realizar a contratación polo procedemento de urxencia, para evitar prescrición de débedas tributarias, e coa finalidade de completar o proxecto relativo ó padrón de EUI para a emisión de 2007, coas reducións de prazos procedentes de conformidade co texto refundido da lei de contratos para as administracións públicas (RDL 2/2000 de 16 de xuño).

3º-Realizar a xestión do gasto derivado do correspondente contrato a cargo do vixente presuposto prorrogado do ano 2006 á partida 611.02270600: asistencias técnicas xestión de ingresos, do presuposto de gastos por importe de 80.000 euros así como 40.000 euros con cargo a mesma partida do presuposto de 2007.

4º Realizar a presente contratación con arranxo ó seguinte clausulado:

## **PREGO DE CONDICIÓN S TÉCNICAS.**

### **1. OBXECTO DO CONTRATO:**

Será a colaboración co servizo de administración de tributos do concello realizando as seguintes operacións:

- Depuración da base de datos resultante da integración da base de datos catastral coa base de datos do actual padrón fiscal de Exaccións Unificadas de industriais en orde a consecución dunha base de datos de establecementos de actividades económicas referenciada territorialmente. Integraranse nesta base de datos todos os locais de uso distinto a vivenda así como aproveitamentos de vía pública asociados a aqueles: vados, reservas de aparcamento privativas, outros aproveitamentos.
- Toma de datos en vía pública relativos a vados, reservas especiais de aparcamento de uso privativo e outros aproveitamentos de espazos públicos. Foto dixital, informe, atención e orientación ó contribuínte, recepción de alegacións, informe para resolución de aquelas.
- Outras operacións de tratamento informático de datos precisadas de operacións previas de visita ó lugar do feito imponible, entrevista persoal ou telefónica co suxeito pasivo, emisión de requirimentos escritos, lectura e análise de documentos, obtención de información en rexistros especializados (Mercantil, Propiedade...) e outras de carácter similar.
- Práctica de notificacións tributarias de especial dificultade sexa polo inconcreto ou incompleto do lugar de realización das mesmas, sexa polas dificultades de contactar co suxeito interesado, sexa por erro na determinación de algún dos anteriores e outras dificultades.

Sendo funcións públicas as de xestión, recadación e inspección de tributos, na medida en que implicaran exercicio de autoridade, están reservadas legalmente a persoal suxeito o estatuto funcional, e en consecuencia, esta contratación de traballos de asistencia técnica e colaboración en materia tributaria non suporá menoscabo algún das competencias atribuídas a Administración Municipal.

Por conseguinte, en ningún caso os adxudicatarios do presente contrato terán o carácter de órganos de liquidación, recadación ou inspección, limitándose as súas tarefas á mera colaboración e auxilio os servizos que, no Concello teñen atribuídas estas funcións.

## **2. CONTIDO DAS ACTUACIÓNS, PROCEDEMENTOS E TAREFAS OBXECTO DO CONTRATO:**

### **2.1.- Consideracións Xerais:**

2.1.1.- O contrato terá por obxecto actuacións que non impliquen exercicio de autoridade nin dictado de actos administrativos, reservándose ditas funcións expresamente os órganos e funcionarios municipais competentes.

2.1.2.- O Servizo de Administración de tributos do Concello proporcionará ó contratista a información que conste nos seus arquivos e bases de datos tributarios, que interese para o desenvolvemento deste contrato.

O contratista realizará tódalas súas actuacións con estricto cumprimento da Lei Orgánica 15/99, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (R.D. Legislativo 2/2004) e restante normativa de aplicación,

### **2.2.- Consideracións específicas.**

2.2.1.- O contratista recibirá dos servizos municipais interesados a documentación precisa e a colaboración que lle permita realiza-la súa actividade. En particular, nos traballos relativos a aproveitamentos da vía pública actuará amais das directrices tributarias ,conforme os criterios que se consideren relevantes pola Área de Mobilidade e Seguridade do Concello

2.2.2.- O contratista desenvolverá as comunicacións, informes, visitas e actuacións conforme á legalidade vixente. No caso de que calquera das súas actuacións, relativas ó feito imponible, suxeito pasivo ou calquera outro elemento do tributo de que se trate, dificultase o desenvolvemento do procedemento, o contratista poñerá esas circunstancias en coñecemento da Dirección de Ingresos do Concello, coa finalidade dun seguimento e toma de decisións conducentes a procedementos que reiteren as garantías dos contribuíntes, así como a máxima seguridade xurídica das actuacións subseguintes.

2.2.3.- Os datos obtidos polo contratista no transcurso desta colaboración e asistencia técnica deberán ser subministrados ó Concello en soportes informáticos con formatos e características que permitan a súa integración nos sistemas aplicativos utilizados por este, sendo posible en todo caso:

Integración de datos en padróns fiscais e bases de datos: carga de información, tratamento de datos de suxeitos pasivos, identificación territorial no seu caso, impresión de documentos (listados, notificacións, etc.).

Con carácter de mínimos, os rexistros aportados deberán contar con referencia catastral completa do inmovible onde estea radicado o feito impositivo, amais de nome de rúa e número. Os servizos tributarios xunto con outras áreas sectoriais implicadas determinaran, en cada caso, os datos que deben constar en cada informe.

2.2.4.- No relativo á práctica de notificacións, entenderase por notificación "realizada" os efectos do presente contrato nos seguintes casos:

2.2.4.1.- Cando o suxeito pasivo interesado asine o duplicado da notificación ou carta certificada con acuse de recibo facendo constar o seu nome, apelidos e DNI.

2.2.4.2.- Cando, persoados no domicilio que se indica na notificación, asina o duplicado daquela calquera persoa que se atope no domicilio indicando nome, apelidos e DNI.

2.2.4.3 Cando estando presente o interesado, éste rexeite a notificación, debendo o notificador facer constar nunha dilixencia o día, hora, e lugar así como que o interesado refusa recibir a notificación.

2.2.4.4. Cando, tratándose de notificacións fora do termo municipal, o interesado ou persoa que se atope no domicilio asine o acuse de recibo de carta certificada.

2.2.4.5. Cando persoados no domicilio que se indica na notificación, ésta non pode ser asinada como recibida segundo se dispón nos apartados 2.2.4.1, 2.2.4.2. e 2.2.4.3, e por tanto non pode terse por "realizada" indicando as seguintes circunstancias:

- Ausencia.
- Rexeitada por persoas distintas ó interesado que se atopan no seu domicilio
- Outros.

Nestes supostos, na dilixencia debe constar que o notificador se personou as.....horas do día.....e as.....horas do día.....no domicilio..... non podendo practicarse a notificación polo motivo de: ausencia, cambio de domicilio, ou que as persoas que se atopan no domicilio - distintas do interesado- refusan recibir a notificación ou calquera outro motivo. Compre realizar dous intentos de notificación, de conformidade co artigo 112 e seguintes da Lei 58/2003 de 17 de decembro Xeral Tributaria. Será suficiente un só intento cando o destinatario conste como descoñecido en dito domicilio o lugar.

2.2.4.6.- Cando persoados no lugar que se indica na notificación éste non fose localizable por non existir nome da rúa, nº, etc. Farase constar este extremo nun informe que se achegará á notificación.

2.2.4.7. Cando, tratándose de domicilios fora do termo municipal se teñan realizados dous intentos mediante cartas certificadas con acuse de recibo sen resultado positivo.

Os procedementos de notificación axustaranse, en todo caso e segundo o tipo de acordos ó disposto na Lei 58/2003 de 17 de decembro Xeral Tributaria, no RDL 1/2004 de 5 de marzo que aproba o Texto Refundido da Lei do Catastro Inmobiliario e /ou normativa que as substitúa.

A entrega dos resultados deberá realizarse acompañados dun diskette e listados ordenados alfabeticamente por nomes, domicilio e nº de notificación.

Figurarán nun listado aparte as notificacións non comprendidas nos supostos 2.2.4.1, 2.2.4.2, 2.2.4.3 e 2.2.4.4 para a súa publicación no B.O.P.

En cada listado farase constar a data de notificación efectiva ou as datas dos intentos de notificación.

### **3. DIRECCIÓN E SUPERVISIÓN DOS TRABALLOS;**

Os traballos serán realizados en colaboración cos Servizos de Administración de tributos e, no seu caso, co correspondente servizo sectorial implicado e supervisados pola Dirección de Ingresos.

Para o caso de que fose necesario especificar por escrito normas de actuación que afectaren a áreas do concello distintas da tributaria, os responsables das áreas ou servizos afectados elaboraran as correspondentes normas nun documento único que deberá ser asinado polos respectivos concelleiros delegados de área.

### **4. DURACIÓN DO CONTRATO;**

A duración do contrato será dun ano a contar desde a data da súa formalización. O contrato poderá prorrogarse por un ano máis, previo acordo do órgano de contratación

### **5. PREZO DO CONTRATO**

O importe máximo do presente contrato ascenderá a 120.000 € que se facturaran conforme os seguintes prezos unitarios máximos:

## 5.1 Operacións de tratamento de bases de datos

5.1.1. Por cada rexistro confirmado e/ou modificado mediante análise de información existente no sistema: 5 €

5.1.2 Por cada rexistro modificado a través de informes, tomas de datos, entrevistas, atención e orientación ó contribuínte, documentos externos o sistema, e similares: 10 €

## 5.2 Tomas de datos, comprobacións, entrevistas e outros.

5.2.1. Por cada toma de datos relativa a un feito impositivo en vía pública, foto dixital e documentación complementaria: 10.€

5.2.2. Por cada toma de datos con entrevista ó interesado, asesoramento, recepción de alegacións, resolución de consultas e informe para resolución de alegacións: 16 €

5.2.3. Toma de datos en rexistros públicos (Rexistro de índices, Propiedade e/ou Mercantil): 35.€

## 5.3. Notificación a suxeitos pasivos e/ou responsables tributarios.

Por cada notificación realizada:

5.3.1. Notificadas no prazo de 60 días e entregadas no Servicio de Administración de Tributos do Concello antes dos 70 días será de 3,00 €(IVE incluído). Supostos 2.2.4.1, 2.2.4.2, 2.2.4.3 e 2.2.4.4 da cláusula 2 deste Prego de Condicións Técnicas.

5.3.2. Entregadas antes dos 70 días no Servicio de Administración de Tributos do Concello pero dos supostos 2.2.4.5 e 2.2.4.6: 1,50 €(IVE incluído)

5.3.3. Entregadas con posterioridade:

a) 1,00 €(IVE incluído) as dos supostos 2.2.4.1, 2.2.4.2, 2.2.4.3 e 2.2.4.4

b) 0,50 €(IVE incluído) as dos supostos 2.2.4.5 e 2.2.4.6.

5.3.4. As que deben ser notificadas por correo por seren de fora do Municipio pagaranse a 3,20 € (IVE incluído). En ningún caso serán entregadas con posterioridade ós 70 días mencionados.

Os prezos anteriores, ou os que, no seu caso, oferte o contratista rexerán para a vixencia do contrato. Para o ano de prórroga, se a houbese, actualizaranse mediante a variación do IPC do período anual inmediatamente anterior.



## **6. PAGO DO PREZO.**

O pago do prezo do contrato abonarase ó adxudicatario fraccionadamente por períodos bimestrais, mediante a presentación da correspondente factura., coa conformidade da Dirección de Ingresos.

## **7. CRITERIOS OBXECTIVOS MÍNIMOS DE SOLVENCIA TÉCNICA PARA PRESENTARSE Ó PRESENTE CONCURSO:**

Segundo a natureza deste contrato e o disposto no art. 19 do Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado polo R.D. legislativo 2/2000, de 16 de xuño, establécense os seguintes criterios mínimos que deben cumprir os contratistas para que poidan formular as súas ofertas:

7.1.- Que a empresa acredite, mediante as oportunas certificacións, ter prestado servizos e/ou asistencia técnicas e/ou consultoría, en materia tributaria para administracións públicas. Deberán consignarse nas correspondentes certificacións os procedementos tributarios nos que ten actuado.

Será requisito mínimo ter actuado, durante os cinco últimos anos, en tres dos catro seguintes procedementos: Xestión Tributaria, Xestión Catastral; Inspección Tributaria e Recadación. Igualmente será requisito mínimo que, cando menos, un dos proxectos, servizos ou traballos desenvolvidos corresponda a un ámbito igual ou superior a 300.000 habitantes.

7.2.- Que respecto do Director/a dos traballos así como respecto dun 80% do persoal a asignar directamente os mesmos, se acredite ter realizado traballos similares –relativos todos eles as materias tributarias anteriormente relacionadas: Xestión, Inspección, Recadación ou Notificación- durante o período mínimo dos cinco anos inmediatamente anteriores.

Estes criterios de solvencia técnica e profesional veñen xustificadas pola necesidade de garantir uns niveis mínimos de calidade nos servizos tanto máis facilmente predecibles se a dirección dos traballos e o persoal que os desempeñen teñen experiencia e coñecementos en procedementos tributarios e a empresa ten desenvolvido traballos similares en contratos de similar envergadura á do noso Concello .

## **8. CRITERIOS DE VALORACIÓN PARA A ADXUDICACIÓN DO CONCURSO.**

8.1.- Memoria detallada dos traballos a desenvolver, que contará como mínimo: Procedementos, trámites, actuacións e tarefas a desenvolver, así como os aplicativos informáticos propostos. Ata un máximo de 40 puntos.

8.2.- Métodos propostos para seguimento e auto avaliación da calidade de cada proceso. Ata un máximo de 20 puntos.

8.3.- A oferta económica máis vantaxosa evaluarase a partir dunha única porcentaxe de redución no cadro de prezos incluído na cláusula 5 deste Prego de Condicións Técnicas. A máxima porcentaxe de redución contará con 10 puntos e as restantes puntuaranse de forma proporcional.

8.4.- Outras posibles melloras: ata 20 puntos.

**9.** No non previsto nestas cláusulas que puidera afectar a esta contratación estarase ó disposto no Real Decreto Lexislativo 2/2000 de 16 de xuño, Real decreto 1098/2001 de 12 de outubro polo que se aproba o Regulamento de Contratos para as Administracións públicas e restante normativa de aplicación.

Vigo, 17 de febreiro de 2006  
A Directora de Ingresos

Asdo.: M<sup>a</sup> Jesús Magdalena Vila

Conforme,  
O Concelleiro Delegado de Xestión Municipal

Asdo.: Javier Guerra Fernández